

DECRETO NÚMERO 16007021 DO 20/09/2016

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **MODIFICACIÓN DECRETO 16006947 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN RELATIVA Á PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN NO RECINTO FEIRAL DE SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (Exp. Ref. 27-2016).ADXUDICACIÓN DE POSTOS E APERTURA DE NOVO PRAZO PARA ADXUDICACIÓN DIRECTA DE POSTOS NON CUBERTOS.**

Examinado o expediente e vistos:

1º.- Decreto núm. 16006947 do Libro Único de Resolución asinado o 16/09/2016 polo que se aproba entre outros:

" **TERCEIRO.-** Declarar deserto o procedemento para as seguintes parcelas:

LUGAR	ATRACCIÓN	NOME	MT
Lonxa Pavillón 96 (16x12/d=15)	Espectáculo/Carrusel	DESERTO	
Pavillón 99	Circuíto	DESERTO	
Rguez. Mourelo 2 (10x5)	Degustación/Churreir a	DESERTO	
Rguez. Mourelo 32	Stand de Venda	DESERTO	3,4x 2,1
Rguez. Mourelo 50	Stand de Venda	DESERTO	3,4x2,1
García Portela 100	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 101	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 102	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 103	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 104	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 105	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
García Portela 106	Stand de Venda	DESERTO	3x2,5
Praza Maior 12	Stand de Venda	DESERTO	4,20x2,1 5
García Portela 62	Mesa de Venda	DESERTO	4,00
García Portela 63	Mesa de Venda	DESERTO	4,00
García Portela 76 (1,5X1)	Mesa de Venda	DESERTO	1,5
Camiño das Costas 111	Mesa de Venda	DESERTO	3
Camiño das Costas 112	Mesa de Venda	DESERTO	3
Camiño das Costas 113	Mesa de Venda	DESERTO	3
Camiño das Costas 114	Mesa de Venda	DESERTO	3
Camiño das Costas 115	Mesa de Venda	DESERTO	3
Camiño das Costas 116	Mesa de Venda	DESERTO	3

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES ATRACCIÓNS SAN FROILÁN 2016

Asunto: MODIFICACIÓN DECRETO 16006947

<i>Camiño das Costas 117</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 118</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 119</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 120</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 121</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 122</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>
<i>Camiño das Costas 123</i>	<i>Mesa de Venda</i>	<i>DESERTO</i>	<i>3</i>

CUARTO.-Proceder a unha nova apertura de prazo -que remata o **vindeiro xoves día 22 de setembro as 14:00 horas**- para que exclusivamente ós interesados que presentaron oferta pero non foron seleccionados por calquera circunstancia, si o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de cinco días hábiles dende a invitación, nova oferta de prezo para algún dos postos que quedaron vacantes e que se relacionan no apartado terceiro desta resolución.

A Sección de Cultura será, como en ocasións anteriores, a dependencia encargada da tramitación das invitacións, requirimentos e, en xeral, á tramitación dos procedementos, sen prexuízo da avaliación das ofertas presentadas por parte dos membros da Comisión Avaliadora.

Os licitadores interesados deberán **presentar unha instancia ou escrito, exclusivamente no Rexistro Xeral do Concello de Lugo** (non sendo válidas as solicitudes que teñan entrada efectiva no Rexistro Xeral do Concello de Lugo transcorrido o prazo sinalado), conforme ao modelo do **ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"**, que se achega a continuación, onde se indican os seus datos persoais e o procedemento ao que concorre **acompañada dun sobre pechado onde se incluírá a oferta económica e se indicará a parcela a que concorren conforme o modelo establecido nas Bases; este sobre terá que ir asinado polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2016, 2017, 2018 e 2019. (Exp. Ref. 27-2016). FASE INVITACIÓN**, así como o nome, o NIF do interesado, teléfono e correo electrónico. A documentación administrativa válida e que se atope en vigor, que xa estivera en poder do Concello non será necesario volver a presentala. "

3º.- Informe da Sección de Cultura de data 20/09/2016, co seguinte teor:

"Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- A acta da comisión avaliadora na sesión celebrada o 29 de agosto do 2016 polo que se seleccionaban os licitadores para instalación de distintos postos de atraccións no recinto feiral de San Froilán.

2º.- O decreto 16006947 do 16/09/2016 do Libro Único de Resolucións polo que se aprobaba a adxudicación de parcelas do procedemento de licitación para autorización de instalación de atraccións no recinto feiral de San Froilán para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019, a exclusión de algúns licitadores, a declaración de deserto en algunhas parcelas e a apertura duna nova apertura de prazo mediante invitacións para os postos vacantes ós interesados que presentaron ofertas pero non foron seleccionados por calquera circunstancia.

Compre informar o seguinte:

A) Logo do axuste realizado polo Comisario do Feiral das parcelas Lonxa do Pavillón 93, Costas do Parque 83 e Bancal Intermedio 86, resulta que quedan libres os seguintes metros:

Lonxa do Pavillón 93, 40 metros

Costas do Parque 83, 9 metros

Bancal Intermedio 86, 4 metros

Porcións de terreo que se deberan ter incluído no apartado 3º do Decreto 16006947. Ao respecto faise constar que os interesados que poden presentarse no novo prazo para as parcelas desertas mediante a fase de invitación foron advertidos dende un principio nas invitacións efectuadas da

dispoñibilidade dos metros libres destas parcelas polo que non se limitou en ningún caso a concorrencia e na súa consecuencia non debe ser ampliado o prazo de presentación das ofertas, senón simplemente corrixir o mencionado Decreto aos efectos oportunos.

B) Erros de transcripción detectados no Decreto núm. 16006947 do 16/09/2016 do Libro Único de Resolucións que a continuación se relacionan:

O licitador nº orde 91 don Lorenzo Fernández Arribas a taxa é de 2.450,00 € e non de 1.450,00 €. O licitador 114 don Ángel Petrovich Costa os metros a ocupar na parcela nº 78 de García Portela figuran 10,00 debido ao redondeo matemático efectuado polo programa informático, cando en realidade son 9,5.

Ditos erros deben ser corrixidos no mencionado Decreto aos efectos oportunos. É todo canto procede informar aos efectos oportunos."

4º.- O artigo 105.2 da LRXPAC establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. No suposto que nos ocupa debe corrixirse este erro na transcripción da proposta de adjudicación con carácter previo á continuación do expediente para evitar confusións que puideran dar lugar a inseguridade xurídica á hora de formalizar o contrato administrativo en relación co seu prezo.

En consecuencia procede modificar o decreto núm. 16006947 do Libro Único de Resolucións asinado o 16/09/2016 no senso indicado no informe de cultura transcrito nesta parte expositiva

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Rectificación do erros materiais padecidos no Decreto DECRETO 16006947 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN RELATIVA Á PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN NO RECINTO FEIRAL DE SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (Exp. Ref. 27-2016).ADXUDICACIÓN DE POSTOS E APERTURA DE NOVO PRAZO PARA ADXUDICACIÓN DIRECTA DE POSTOS NON CUBERTOS; en base o informe da Sección de Cultura do 20 de setembro de 2016 transcrito na parte expositiva da presente resolución, no que se indican algúns erros no mesmo, que se da por reproducido a efectos da fundamentación, quedando coas seguintes correccións:

I.- Na súa parte dispositiva terceira se amplían os seguintes metros libres na fase de invitación:

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES ATRACCIÓN SAN FROILÁN 2016

Asunto: MODIFICACIÓN DECRETO 16006947

"Lonxa do Pavillón 93, 40 metros
Costas do Parque 83, 9 metros
Bancal Intermedio 86, 4 metros"

II.- Onde se sinala que o licitador nº orde 91 don Lorenzo Fernández Arribas a taxa é de 1.450 € cando en realidade debe dicir de 2.450,00 €; así como onde se sinala que o licitador 114 don Ángel Petrovich Costa os metros a ocupar na parcela nº 78 de García Portela figuran 10,00 debido ao redondeo matemático efectuado polo programa informático, cando en realidade debe dicir son 9,5.

SEGUNDO.- Conforme á cláusula undécima das bases técnicas e administrativas que rexeron esta licitación os terreos que resulten desertos ou libres a partir desta resolución farase por adxudicación directa sobre o terreo e terá unha vixencia dun ano.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas a través da inserción da mesma no perfil do contratante e da Sección de Cultura, así como as dependencias e ós servicios municipais interesados, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase